



REGULAMENTO DA CALRE

TÍTULO I - PRINCIPIOS XERAIS

ARTIGO I - NOME E DURACIÓN

1. CALRE é a sigla de Conference of the Rexional Lexislative Assemblies of the European Union (EU) / Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais da Unión Europea (UE). Os presidentes e as presidentas representan as súas asembleas. A Asociación constitúese para un período ilimitado.
2. Desde a Declaración fundacional de Oviedo de 1997, a misión da CALRE é afondar nos principios democráticos e participativos dentro do marco da UE, defender os valores e principios da democracia rexional, e reforzar os lazos entre as asembleas lexislativas rexionais.
3. A CALRE comprométese a facer que se respecte e consolide o principio de subsidiariedade na Unión Europea.

3bis A CALRE traballa para fortalecer as relacións con outras organizacións europeas, en particular co Comité das Rexións, incluíndo RegLeg.

3ter Co fin de aumentar e mellorar as relacións co Parlamento Europeo, a CALRE examina as posibles formas de se relacionar, facendo referencia aos marcos de relación existentes cos parlamentos estatais.
4. A Asociación cumpre cos principios establecidos no Convenio do

Consello de Europa de Madrid de 1980 (Serie nº 106) e nos seus protocolos primeiro, segundo e terceiro.

ARTIGO 2 - OBXECTIVOS

1. A CALRE contribúe á participación democrática das asembleas lexislativas rexionais dentro do marco da Unión Europea mediante o fortalecemento das relacións entre as asembleas rexionais e, en particular, mediante o intercambio de boas prácticas.
2. A CALRE apoia as actividades de cooperación transfronteiriza dos seus asociados.
3. A CALRE coordina os seus membros na participación en proxectos de desenvolvemento institucional organizados por terceiras partes.
4. A CALRE respecta plenamente o principio de autonomía de cada asemblea.
5. A afiliación e a participación son voluntarias.

ARTIGO 3 - AFILIACIÓN

1. As asembleas rexionais con poder lexislativo que pertencen a un dos Estados membros da Unión Europea poderán ser membros da Conferencia.
2. O Comité Permanente decidirá sobre as solicitudes de novos membros. Na súa decisión, o Comité terá en conta as características específicas de cada asemblea, de conformidade co número 1 deste artigo.

ARTIGO 4 - ORGANIZACIÓN E ATRIBUCIÓN DE GASTOS

1. A asemblea que exerza a presidencia da CALRE será responsable da organización loxística e técnica, incluídos os servizos de

interpretación, das reunións do Comité Permanente e da Asemblea Plenaria da CALRE.

2. Os gastos de viaxe e aloxamento ocasionados pola asistencia ás reunións da CALRE correrán por conta das delegacións participantes.
3. Para participar na Asemblea Plenaria deberá aboarse á organización unha cota de inscrición (incluídos o/a presidente/a e colaboradores/as) cuxa contía establecerá o Comité Permanente.

ARTIGO 5 - IDIOMAS

1. Os idiomas utilizados nas reunións e conferencias da CALRE serán os das rexións asistentes, de acordo coas solicitudes. Cada participante falará no seu propio idioma; levarase a cabo interpretación simultánea unicamente no idioma da Presidencia e en inglés. A tradución para calquera outro idioma será por conta do/da participante solicitante e coordinado polo parlamento encargado da organización da reunión.
2. Os documentos de traballo da CALRE, escritos no idioma da rexión que os propoña, irán acompañados da súa correspondente tradución para o inglés.
3. A publicación da declaración anual e doutros documentos da CALRE deberá realizarse en todas as linguas necesarias para as rexións da CALRE. Cada delegación nacional ou parlamento rexional comprométese a proporcionar a correspondente tradución nun prazo de 30 días a partir da súa recepción.

TÍTULO II

OS ÓRGANOS DA CALRE

ARTIGO 6 - ÓRGANOS DA CALRE

1. Os órganos da CALRE son a Presidencia, a Vicepresidencia, o Comité Permanente e a Asemblea Plenaria. A Secretaría Xeral e os grupos de traballo son órganos subsidiarios.

CAPÍTULO I - PRESIDENTE/A E VICEPRESIDENTE/A

ARTIGO 7 - O/A PRESIDENTE/A

1. O/a presidente/a é o/a representante da CALRE. Preside as reunións da CALRE e ten potestade para tomar todas as decisións necesarias relativas á aplicación das decisións adoptadas polos órganos da asociación.
2. O/a presidente/a está facultado/a *ex officio* para actuar en nome e representación da CALRE. Non obstante, poderá delegar a súa potestade para actuar como tal nun representante da súa elección, mediante documento escrito debidamente asinado e datado.
3. O/A presidente/a poderá delegar certas competencias no/na vicepresidente/a.
4. O/A presidente/a que dirixa a conferencia en curso determinará as datas en que terán lugar as reunións do Comité Permanente e da Asemblea Plenaria. O Comité Permanente reunirse un máximo de tres veces ao ano e como mínimo unha delas terá que celebrarse na sede do parlamento que presida a CALRE. As outras dúas celebraranse preferentemente en Bruxelas, na sede do Comité das Rexións.

ARTIGO 8 - DESIGNACIÓN

1. O/A presidente/a da CALRE será elixido/a por maioría da Asemblea Plenaria. A nominación concederase a calquera presidente/a dunha asemblea lexislativa rexional por solicitude previa mediante escrito ao Comité Permanente. A solicitude por escrito deberá incluír a proposta dunha lista de reunións e unha axenda política.
2. As candidaturas poderán presentarse ata a última reunión do Comité Permanente antes da Sesión Plenaria.

ARTIGO 9 - DURACIÓN DO MANDATO

1. O mandato comenará o 1 de xaneiro e terminará o 31 de decembro do mesmo ano. Poderá prorrogarse un ano máis por petición do/da presidente/a e coa aprobación da Asemblea Plenaria. Desde a súa elección como novo/a presidente/a ata a toma de posesión do seu cargo, o/a presidente/a entrante deberá axudar o/a presidente/a saínte con respecto a calquera acontecemento institucional relevante da CALRE.
2. O/A novo/a presidente/a será elixido/a anualmente na Asemblea Plenaria.
3. No caso de que expire o mandato do/da presidente/a da asemblea que organiza a conferencia, o/a seu/súa sucesor/ra deberá substituílo/a.

ARTIGO 10 - FUNCIÓNS DO/A PRESIDENTE

1. O/A presidente/a da CALRE terá, entre outras funcións, as seguintes obrigas:
 - a. Deberá ocuparse das relacións coa Unión Europea en nome e por conta da CALRE;
 - b. En cada reunión do Comité Permanente deberá presentar as actas da reunión anterior. Durante a primeira reunión do Comité Permanente deberá presentar as actas da anterior sesión plenaria;
 - c. Co fin de garantir unha continuidade efectiva, o/a presidente/a saínte terá o deber de proporcionar toda a información necesaria ao/á seu/súa sucesor/a.
 - d. Estará estreitamente ligado/a ás actividades do Comité das Rexións e, en particular, ás do grupo interrexional das Rexións con poder lexislativo.

ARTIGO 11 - O/A VICEPRESIDENTE/A

1. O/A anterior presidente/a actuará como vicepresidente/a durante o ano posterior ao seu mandato.
- 1.bis. O/A vicepresidente/a cuxo mandato como presidente/a rexional finalice por calquera motivo será substituído/a polo/a seu/súa sucesor/a na asemblea lexislativa de orixe.

CAPÍTULO II - O COMITÉ PERMANENTE

ARTIGO 12 - COMPOSICIÓN

1. O Comité Permanente estará formado polo/a presidente/a da actual Conferencia, o/a vicepresidente/a, un/unha presidente/a por Estado, unha delegación por Estado membro, e o/a coordinador/a dos grupos de traballo.
2. Cada Estado membro será responsable do nomeamento dos seus representantes para o Comité Permanente e informará sobre iso anualmente á CALRE. Naqueles Estados en que o número das asembleas lexislativas rexionais sexa menor ou igual a tres, o/a presidente/a designado poderá delegar noutro membro da asemblea lexislativa rexional de orixe ou nun membro doutra asemblea lexislativa rexional do mesmo Estado.

ARTIGO 13 - TAREFAS

1. O Comité Permanente da CALRE está autorizado a realizar as seguintes tarefas:
 - a) Convocar os seus membros co fin de que a Asemblea Plenaria poida prepararse no prazo de catro meses anterior á data da seguinte reunión;
 - b) Decidir a axenda da seguinte reunión, incluídos os temas que serán debatidos pola Asemblea Plenaria;
 - c) Designar portavoces que desenvolvan, presenten e debatan informes, e nomear outros representantes encargados de presidir comisións;
 - d) Resolver calquera caso institucional ou representativo de importancia pública ou comunitaria que deba decidirse de forma colexiada;
 - e) Celebrar unha reunión a xornada anterior á apertura da Asemblea Plenaria. Durante a dita reunión, o Comité Permanente deberá decidir sobre a aceptación de emendas urxentes, a duración das

intervencións, o tempo de debate, e os detalles finais necesarios para que a Asemblea Plenaria poida desenvolverse con normalidade.

CAPÍTULO III - A ASEMBLEA PLENARIA

ARTIGO 14 - COMPOSICIÓN

1. Os/As presidentes/as das asembleas membros forman parte da Asemblea Plenaria. Os/as presidentes/as poderán delegar nun membro da súa propia asemblea como substituto/a para a Plenaria.
2. O/A presidente/a da CALRE poderá convocar invitados sen dereito a voto.

ARTIGO 15 - CALENDARIO

1. A Asemblea Plenaria convocarase unha vez ao ano.
2. A Asemblea Plenaria terá lugar durante os últimos catro meses do ano.

ARTIGO 16 - PREPARACIÓN DA ASEMBLEA PLENARIA

1. Á hora de considerar os temas e de redactar o borrador da declaración final que se presentará durante a reunión anual da conferencia, deberanse ter en conta os seguintes puntos:
 - a) O/A presidente/a deberá enviar o borrador da declaración anual a todos os membros cando menos 15 días antes da apertura da Asemblea Plenaria;
 - b) Os membros poderán presentar emendas ao borrador da declaración anual. Deberán ser enviadas ao/á presidente/a cando menos 15 días antes da apertura da Asemblea Plenaria;
 - c) O/A presidente/a deberá informar a todos os membros sobre calquera emenda proposta cando menos sete días antes da apertura da Asemblea Plenaria;
 - d) As emendas urxentes poderán entregarse ata 48 horas antes da apertura da Asemblea Plenaria;
 - e) As emendas urxentes deberán ser aprobadas polo Comité Permanente antes de seren abordadas na Asemblea Plenaria.

2. Sen prexuízo do uso doutros medios de envío cando sexa necesario, os discursos e emendas deberán ser enviados por correo electrónico.

ARTIGO 17 - DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS PLENARIAS

1. O/A presidente/a presentará a declaración na sesión de apertura.
2. A discusión, votación e aprobación das emendas estarán suxeitas á orde seguinte:
 - a. presentación das emendas;
 - b. debate das emendas presentadas;
 - c. votación das emendas.
3. O/A presidente/a deberá fixar o tempo estipulado para o debate das emendas.
4. O/A presidente/a deberá decidir a orde de votación das emendas.
5. O/A presidente/a deberá establecer un intervalo de tempo para emendas transaccionais, concedendo a oportunidade de explicación do contido, e o motivo e xustificación delas.

ARTIGO 18 - RETIRADA DAS EMENDAS

1. A persoa que presentase unha emenda poderá retirala durante o transcurso do debate.
2. Non obstante, o/a presidente/a poderá retomar tales emendas e solicitar a votación delas por parte da Asemblea Plenaria.

ARTIGO 19 - LISTA DE INTERVENCIÓN

1. Os/as presidentes/as que estean presentes na Asemblea Plenaria e que desexen intervir en relación aos temas de debate, deberán comunicarllo ao/á presidente/a cando menos unha hora antes de que comece a correspondente sesión. Se o debate das emendas e a fase de votación destas concluíu, o/a presidente/a permitiralles intervir por quenda, segundo a orde de solicitude.

ARTIGO 20 - APÉNDICE DA DECLARACIÓN ANUAL DA CONFERENCIA

1. Se un membro desexa que se teña en conta para a declaración anual un tema que non foi incluído na orde do día da Asemblea Plenaria, deberá informar ao/á presidente/a 7 días antes da apertura desta.
2. O Comité Permanente deberá reconsiderar a relevancia do caso e aprobar a súa admisión na conferencia.
3. A intervención terá lugar cando conclúa o debate e a votación dos puntos da orde do día. A intervención figurará por escrito e incluírase no apéndice da declaración anual.

ARTIGO 21 - VOTACIÓN

1. As declaracións da CALRE, os anexos, así como as emendas ao seu regulamento deberán ser aprobados pola Asemblea Plenaria nunha votación final por consenso. As abstencións non afectarán ao consenso.
2. Co fin de facilitar o debate e o acordo durante o procedemento preparatorio dos acordos finais, a CALRE utilizará o criterio de maioría simple para as emendas.

ARTIGO 22 - EXECUCIÓN

1. Unha vez realizadas as tarefas da Asemblea Plenaria, o/a presidente/a anfitrión/oa deberá enviar os documentos aprobados pola Conferencia a todas as partes e institucións interesadas. O/A presidente/a deberá xestionar as relacións coa Unión Europea en nome e representación da CALRE, para que o contido dos documentos se poña en práctica.

TITULO III - ÓRGANOS SUBSIDIARIOS

ARTIGO 23 - A SECRETARÍA XERAL

1. O Comité Permanente será asistido no desenvolvemento das súas tarefas por unha Secretaría Xeral que consistirá nun/nha representante nomeado/a por cada membro do Comité. O/A presidente/a nomeará o secretario xeral para o período de duración do seu mandato.
2. As asembleas interesadas proporán proxectos ou iniciativas ao Comité Permanente -que poidan axustarse convenientemente ao plan de acción anual da CALRE- incluíndo a provisión de medios técnicos e procurando a participación activa da Secretaría Xeral, que recibirá o apoio das asembleas interesadas.

ARTIGO 24 - GRUPOS DE TRABALLO

1. A Asemblea Plenaria poderá establecer crear grupos de traballo por petición do Comité Permanente. Tamén poderá aprobar a creación de grupos de traballo entre a CALRE e outras asociacións e/ou institucións destinadas ao afondamento e o intercambio sobre temas de interese común.
2. Ademais dun grupo de traballo permanente sobre a subsidiariedade, a materia dos grupos de traballo será determinada anualmente pola Asemblea Plenaria por proposta do Comité Permanente. A súa duración non poderá exceder de dous anos. As conclusións dos grupos de traballo serán publicadas despois de seren aprobadas pola Asemblea Plenaria e con acordo desta.
3. Os/as responsables dos grupos de traballo serán convocados/as ás reunións do Comité Permanente. Poderán intervenir nelas pero non terán dereito a voto.
4. O financiamento dos gastos en que se incorra son decisións que deberán tomar os membros do grupo de traballo.
5. As constitución dos grupos de traballo aprobados no Plenario será efectiva cando se produza a incorporación de, cando menos, parlamentos de tres países diferentes.

TÍTULO IV - DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

ARTIGO 25 - O PORTAL DA PÁXINA WEB DA CALRE

1. A páxina web da CALRE é o medio oficial de comunicación e transmisión de información, non só para os seus membros senón tamén para outras institucións e organizacións europeas.
2. O/A presidente/a da CALRE é responsable da xestión da páxina web e da información que nela se publica.

ARTIGO 26 - LOGOTIPO / SÍMBOLO

1. O logotipo está composto por 54 estrelas azuis que se superpoñen parcialmente á palabra CALRE, cuxas letras están rodeadas por unha liña amarela.